

# UN GRAN MATEMÁTICO

Uxía García Ramallal 2ºESO

Xoán levantouse da cama, vestiuse, almorzou e subiu á súa habitación. A Xoán volvíano tolo as Matemáticas. Tiña trece anos e a súa nai estaba moi leda, pois sempre obtivera moi boas notas e gañara moitos premios, pero todo iso non ocorrería se non fose polos números.

Cando tiña seis anos, os seus pais mercáranlle unha caixa con moitos números, concretamente ata o cen. A Xoán non lle facía ningunha ilusión, pero malia todo colleu a caixa e subiu ao seu cuarto. Xoán comezou a colocar os números pola súa orde. Todo ía ben ata que chegou ao dez, porque no seguinte oco colocou o doce en vez do once. Entón o número once comezou a berrarlle moi anoxado:

-Ei ti, rapaz! Non ves que antes vou eu, ou que?

Xoán quedouse perplexo, pero aínda así contestoulle:

-Síntoo número 11... Vós podedes falar?

-Pois claro que si, ou tampouco non me escoitas?

-Oístes poderíadesme axudar a colocar cada número no seu lugar?\_dixo Xoán.

O número un púxose en pé e respondeu:

-Por suposto rapaz. Por certo, cómo te chamas?

-Eu, Xoán.

-Mmm, un nome ben raro.

-Número cero, é vostede o número máis pequeno?

-Non, non e outra vez non. Xa estou farto da mesma preguntíña de

sempre. Mira, todos estes números que tes aquí son números positivos, pero

existen tamén os números negativos: -1, -2, -3...e todos eses números son máis "pequenos" ca min.

-Descúlpeme, e que eu iso non o sabía.

-Non hai nada que desculpar rapaz, non ten importancia.

-Oíches Xoán, \_dixo o número 11\_a que non sabes o que son eu?

-Pois claro que si, ti es un número.

-E, que máis?

-Impar?

-Si e tamén son un número capicúa, ou non?

-Capicúa?

-Si, le o número da esquerda á dereita e logo, da dereita á esquerda.

-Once...once. Vaites, é igual!

O número 1 sentou ao 11 e dixo en ton burlón:

-Rapaz, saberás que todos nós temos múltiplos e divisores, non?

-Si explicoume algo a miña mestra.

-Pois atende, eu son divisor de todos os números.

-De verdade?

-Si, é a pura verdade, \_responderon os números a coro\_é totalmente certo.

-E, agarda, que aínda non rematei...Ai, xa non sei se dicircho, porque como es tan parvo pensarás que son un mentireiro; e diso nada.

-Ti non te preocupes número 1, que xa me encargo eu \_contestou o número 11 con ton fachendoso.

-Moitas grazas, compañeiro, non sei que faría sen ti. Se este rapaz non fose tan parvo...

-Oístes, non é por nada pero estouvos escoitando.

-Que é o que estás escoitando? Eu non escoito nada.

-Grrrrrrr.

-Veña, haxa paz...\_cortou o número 11\_ Mira, Xoán, vouche enumerar todos os números primos que hai dende o 0 ata o 100. Escóitame

ben: 2, 3, 5, 7, 11, 13, 19, 23, 29, 31, 37, 41, 43, 47, 53, 59, 61, 67, 71, 73, 79, 83, 89 e

97. E con todos nós (comúns e primos) pódense facer múltiples operacións e resolver todo tipo de problemas.

Xoán mirou a todos os números que nomeou o nº 11 e dixo con cara de sorpresa:

-De verdade todos vós sodes números primos?

-Sí, de verdade.

-Pois que sorte tes número 11. Xa me gustaría a min ter tantos curmáns coma ti.

-O que eu dixen, \_dixo o número 1\_ este rapaz é un parvo, un necio, un alcornoque, un... Ben, xa se me acaban as palabras.

-Por que me dis iso? Non me acaba de dicir o teu compañeiro que...

-Sí, Xoán, pero non me refería ao que ti pensas.

-Síntoo moito. Xa sei que son un parvo, pero...

-Iso non é verdade, Xoán, \_dixo o nº 0 con moita compaixón\_ o que ocorre é que ti non podes saber todo isto, debido á túa curta idade; pero non te

preocupes, que nos che explicaremos todo, detalle a detalle para que cando sexas máis grande sexas o mellor matemático do mundo.

-Moitas grazas compañeiro e prométoche que algún día, cando sexa maior me convertirei... niso que me dixeches.

-Nun MATEMÁTICO!

-Niso mesmo, grazas de novo.

-De nada, compañeiro. Aquí estamos para o que faga falta.

-Vaia, ao final resulta que é o mellor agasallo de Nadal que puiden recibir. Sodes todos moi simpáticos!

Así foi como Xoán aprendeu todo o que se pode saber sobre os números e se converteu nun gran Matemático, como prometera. Todo mediante a súa imaxinación e uns cantos números.